


## HISTOLOXÍA HUMANA

1.- Diga se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- \_\_ Un tecido é un conxunto de células semellantes que desempeñan análoga función.
- \_\_ A parte da Bioloxía que estuda aos tecidos é a Histoloxía.
- \_\_ Todas as células do corpo humano proceden dunha soa célula, o cigoto ou célula ovo.
- \_\_ Todas ás células do corpo humano teñen a mesma dotación xenética, agás os gametos.
- \_\_ A especialización das células humanas prodúcese mediante a activación ou bloqueo diferencial de xenes.
- \_\_ A substancia situada entre as células dos tecidos chámase matriz.
- \_\_ A substancia intercelular contén moléculas de distintas proteínas que se chaman fibras.

2.- Selecciona a resposta correcta:

- 2.1.- A matriz dos tecidos epiteliais é
  - a.- abundante
  - b.- escasa
  - c.- nula, porque as células se dispoñen apretadamente.
- 2.2.- A clasificación dos tecidos epiteliais baséase na forma das células e
  - a.- no tamaño
  - b.- no volume
  - c.- no número de capas
- 2.3.- Os epitelios que tapizan a superficie e cavidades do corpo son os
  - a.- pavimentosos
  - b.- revestimento
  - c.- as dúas respuestas son correctas.
- 2.4.- Os epitelios especializados na secreción de substancias chámense
  - a.- secretores
  - b.- glandulares
  - c.- excretores
- 2.5.- O epitelio que aparece de seguido é de tipo:
  - a.- monoestratificado plano
  - b.- pluriestratificado plano
  - c.- pseudoestratificado



2.6.- O epitelio estratificado cúbico ou plano que recobre as paredes dos vasos sanguíneos chámase:

- a.- mesotelio
  - b.- endotelio
  - c.- perimisio
- 2.7.- Cales dos seguintes epitelios son monoestratificados cúbicos ou planos:
- a.- tapizan a cavidade pleural
  - b.- tapizan o interior do corazón
  - c.- as dúas respuestas son correctas.


2.8.- A pel é un epitelio de tipo:

- a.- monoestratificado plano
- b.- pluriestratificado plano
- c.- pluriestratificado cilíndrico

2.9.- As capas celulares que tapizan as aberturas naturais (boca, farinxe, recto, ...) reciben o nome de:


- a.- serosas
  - b.- mucosas
  - c.- endotelios
- 2.10.- As estruturas ás que fai referencia a cuestión 2.9 están formadas por epitelio
- a.- monoestratificado plano
  - b.- monoestratificado cilíndrico
  - c.- pluriestratificado plano

3.- Identifique os epitelios que aparecen nos seguintes esquemas:




4.- Complete as seguintes frases:

- 4.1.- O epitelio que tapiza as paredes do intestino delgado, rico en microvilli para aumentar a superficie de absorción, é de tipo .....
- 4.2.- As células que segregan mucus no tubo digestivo son as células.....
- 4.3.- O epitelio pseudoestratificado recobre.....
- 4.4.- O epitelio que varía de forma segundo estea más ou menos distendidos chámase.....
- 4.5.- Identifique a estrutura representada de seguido:




- 4.6.- As glándulas que verten os produtos ao exterior ou ao lumen do tubo digestivo son as  
a.- apocrinas b.- merocrinas c.- exocrinas.
- 4.7.- As glándulas produtoras de hormonas son as  
a.- endocrinas b.- exocrinas c.- holocrinas
- 4.8.- Identifique os tipos de glándulas do esquema adxunto en funcións do mecanismo de secreción:



- .....  
4.9.- Os 3 compoñentes básicos dos tecidos conectivos son.....
- 4.10.- Rodee cun círculo os tecidos conectivos que aparecen na seguinte lista:  
-tecido muscular, tecido adiposo, epitelio de revestimento, tecido óseo, epitelio glandular, tecido cartilaxinoso, tecido nervioso, tecido conjuntivo.  
Que tecidos conectivos faltan na lista anterior?.....
- .....

5.- Identifique o seguinte esquema:



- Nome do tecido:.....
- Cal/cales son as células características do tecido representado?:.....
- Cal é a función dos mastocitos ou células cebadas?.....
- .....
- Cal é a función dos plasmocitos ou células plasmáticas?.....
- Cal é a función dos macrófagos?.....
- .....

Indique cales das células que aparecen no esquema proceden do sangue:.....

.....


De que tecido son característicos os adipocitos?.....

.....


6.- Indique a resposta correcta:

- 6.1.- Nos tecidos conjuntivos as células emigrantes más frecuentes son  
a.- fagocitos b.- linfocitos c.- as dúas respuestas son correctas.

- 6.2.- As fibras do tecido conjuntivo que proporcionan resistencia á tracción son  
a.- as de coláxeno b.- as de elástina c.- as fibras reticulares
- 6.3.- Os compoñentes esenciais da matriz dos tecidos conjuntivos son  
a.- glicosaminoglicanos b.- proteoglicanos c.- ámbolos dous
- 6.4.- A derme, situada baixo a epiderme da pel, está formada por tecido conjuntivo  
a.- laxo b.- fibroso c.- elástico
- 6.5.- A función do tecido conjuntivo laxo é a de  
a.- ocupar o espazo entre outros tecidos b.- proporcionar un sistema para a chegada de nervios e vasos sanguíneo aos tecidos b.- as dúas son correctas
- 6.6.- Os tendóns e ligamentos están formados por tecido conjuntivo  
a.- laxo b.- fibroso c.- elástico
- 6.7.- Nas paredes de órganos ocos con paredes que soportan presións dende dentro atopamos o tecido conjuntivo  
a.- laxo b.- fibroso c.- elástico
- 6.8.- O tecido conjuntivo reticular forma parte de órganos coma  
a.- bazo b.- timo c.- dos dous
- 6.9.- O tecido adiposo que aparece no dorso do recién nacido e desaparece durante o crecemento é o  
a.- multilocular b.- unilocular c.- graxa branca
- 6.10.- A célula representada de seguido é  
a.- fibroblasto  
b.- adipocito  
c.- condrocito



7.- Identifique a seguinte estrutura e conteste ás cuestións que se plantexan:



7.1.- Nome do tecido:.....

7.2.- Nome das células que o forman:.....

7.3.- Cite 3 funcións deste tecido:

.....

.....

.....


7.4.- Quantas kcal/mol proporciona 1 g de graxa?.....

7.5.- Como se chama a capa de tecido graxo situada baixo a derme da pel?.....

7.6.- Que funcións ten esa capa de graxa?.....

7.7.- Que importancia ten o tecido graxo que envolve vísceras como corazón, rinles, ....? .....

7.8.- Identifique o tecido que aparece na seguinte microfotografía:



Nome do tecido:.....

Nome das células que aparecen:.....

Nome dos ocos da matriz que ocupan as células.....

Características físicas da matriz:.....


Que é un grupo isoxénico:.....

Enumere os 3 tipos de cartilaxe que existen:.....

Indique o tipo de cartilaxe que podemos atopar nos seguintes órganos:

| Órgano               | Tipo de cartilaxe |
|----------------------|-------------------|
| Pavillón auricular   |                   |
| Disco invertebral    |                   |
| Esqueleto do embrión |                   |
| Síntese pubiana      |                   |
| Epiglote             |                   |

7.9.- Identifique a seguinte estrutura e indique por que tipo de tecido está formada:




Tecido que a forma:.....

7.10.- Cite unha diferenza entre o cartilaxe hialino e o cartilaxe fibroso:.....

8.- Sinale os nomes das partes do oso no seguintes esquema:

Nome:



9.- Seleccione a resposta correcta:

9.1.- As matriz dos osos é

- a.- sólida e ríxida
- b.- sólida e elástica
- c.- viscosa e elástica.

9.2.- A matriz dos osos está formada por sales minerais e

- a.- polisacáridos
- b.- controitina
- c.- osteína

9.3.- As sales minerais que forman os osos son

- a.- fosfatos
- b.- carbonatos
- c.- aparecen os dous tipos

9.4.- A compoñente orgánica dos osos é rica en

- a.- elastina
- b.- reticulina
- c.- coláxeno

9.5.- Os ocos da matriz onde están as células do oso chámense

- a.- lagoas óseas
- b.- cápsulas óseas
- c.- condutos calcóforos

9.6.- Os condutos que comunican os ocos da matriz ósea que ocupan as células chámense condutos de

- a.- Havers
- b.- calcóforos
- c.- Volkmann

9.7.- As células que forman a matriz do oso son


- a.- osteocitos
- b.- osteoclastos
- c.- células cebadas

9.8.- As células encargadas de destruir e renovar o tecido óseo son

- a.- osteocitos
- b.- osteoclastos
- c.- mastocitos

9.9.- A célula representada de seguido é


- a.- osteocito
- b.- osteoblasto
- c.- osteoclasto



9.10.- As unidades de matriz formadas por capas concéntricas que constitúen o oso compacto chámense

- a.- osteonas
- b.- sistemas de Havers
- c.- reciben ámbolos dous nomes.

10.- Sinale no seguinte esquema as estruturas propias dun tecido óseo compacto:



11.- Complete o seguinte texto:

"O tecido óseo esponxoso forma a ..... dos osos longos e o ..... dos osos curtos e anchos (vértebrais, costelas, ...). Os ocos dese tecido están ocupados por ..... que se ocupa da síntese das células do sangue, proceso chamado ....."

12.- Complete as seguintes frases:

12.1.- O conxunto de fluídos corporais que rodean ás células e manteñen unhas condicións óptimas para a súa actividade forman o .....

12.2.- A estabilidade do medio interno coñécese co nome de .....

12.3.- O medio interno está formando, esencialmente, por 3 fluídos que son .....  
.....

12.4.- O líquido que rodea ás células dos tecidos e lles subministra nutrientes e  $O_2$  e acolle o  $CO_2$  e refugallos que proceden o metabolismo celular, chámase.....

12.5.- O líquido ao que fai referencia a cuestión 12.4 obtense a partir do ..... por filtración a través das paredes dos capilares.

13.- Complete a seguinte táboa relativa ao medio interno:


| Propiedade   | Plasma sanguíneo | Líquido intersticial | Linfa |
|--------------|------------------|----------------------|-------|
| Localización |                  |                      |       |
| % de $H_2O$  |                  |                      |       |
| Compoñentes  |                  |                      |       |
| Osíxeno      |                  |                      |       |
| Células      |                  |                      |       |

Nome:

14.- Complete a seguinte táboa relativa ás propiedades do sangue:

| Propiedad              | Valor |
|------------------------|-------|
| Volemia                |       |
| % peso corporal        |       |
| Densidade ( $g/cm^3$ ) |       |
| pH                     |       |

15.- Indique os 3 elementos que forman o sangue, sinalando a % de cada elemento respecto do sangue total:



Que nome recibe a relación en % entre o volume de células sanguíneas e volume de sangue total?.....  
Cal é o valor normal desa relación?.....  
Observe a seguinte táboa relativa ao contido de células sanguíneas en 3 persoas distintas:

| Persoa      | A       | B       | C       |
|-------------|---------|---------|---------|
| Hematíes*   | 7500000 | 5000000 | 2000000 |
| Leucocitos* | 5000    | 6000    | 5000    |
| Plaquetas*  | 250000  | 255000  | 55000   |

\*dados por  $mm^3$  de sangue

Que persoa está más capacitada para vivir a maior altura sobre o nivel do mar?.....

Por que elixiu a esa persoa?.....  
.....

Que persoa amosa deficiencia de Fe na dieta? Por que o sabe?.....  
.....

Que persoa pode presentar problemas de coagulación sanguínea? Por que?.....  
.....

16.- Enumere 5 funcións que realice o sangue no noso organismo:


- a).....  
.....  
b).....  
.....  
c).....  
.....  
e).....  
.....  
f).....  
.....

17.- Conteste brevemente ás seguintes cuestiós:  
 17.1.- Cal é a concentración salina do plasma?.....  
 17.2.- Cales é o catión máis abundante no sangue?.....  
 17.3.- Cales dos seguintes procesos son funcións das sales minerais presentes no plasma sanguíneo:  
 1. Regulación da presión osmótica  
 2. Excitabilidade das neuronas  
 3. Contracción muscular  
 4. Estabilización do pH  
 5. Defensa do organismo contra infeccións

17.4.- Indique dúas funcións das albúminas do plasma sanguíneo?.....  
 .....  
 .....

17.5.- A que grupo de proteínas plasmáticas pertenecen os anticorpos?.....  
 17.6.- En que proceso participa o fibrinóxeno do plasma?.....  
 17.7.- Como se chama o plasma sanguíneo desprovisto de fibrinóxeno?.....  
 17.8.- Que orgánulos celulares non están presentes nos eritrocitos?.....  
 17.9.- Onde se forman os eritrocitos?.....  
 17.10.- Cal é a vida media dun eritrocito?.....

18.- Observe o seguinte esquema e responda ás cuestiós que se expoñen:



18.1.- Que representa?.....  
 18.2.- En que células se atopa?.....  
 18.3.- Cal é a súa función?.....  
 18.4.- Que tipo de biomolécula é?.....  
 18.5.- En que órgano se degrada?.....

19.- Identifique as seguintes células sanguíneas, indicando nome, tipo de célula e función principal que desenvolve:



|  |  |
|--|--|
|  |  |
|  |  |
|  |  |
|  |  |
|  |  |
|  |  |
|  |  |
|  |  |
|  |  |

**DPTO DE BIOLOXÍA-XEOLÓXIA  
IES MONELOS (A CORUÑA)**

20.- Seleccione as respostas correctas:

- 20.1.- Os leucocitos que maioritariamente se concentran na zona da ferida son os  
a.- neutrófilos      b.- basófilos      c.- eosinófilos
- 20.2.- A vasodilatación dos vasos sanguíneos e inflamación dos tecidos é producida por  
a.- heparina      b.- histamina      c.- globulina
- 20.3.- A substancia á que fai referencia a cuestión anterior é producida e secretada por  
a.- basófilos      b.- mastocitos      c.- ámbalas dúas
- 20.4.- En presenza do antíxeno, os linfocitos B actívanse e transfórmanse en células produtoras de Ig chamadas  
a.- mastocitos      b.- células plasmáticas      c.-monocitos
- 20.5.- As células precursoras dos macrófagos son  
a.- os monocitos      b.- os linfocitos      c.- os histiocitos
- 20.6.- Os órganos linfoideos primarios son  
a.- timo e bazo      b.- timo e medula ósea vermella  
b.- bazo e medula ósea vermella
- 20.7.- As células precursoras das plaquetas ou trombocitos son os  
a.- linfoblastos b.- hemocitoblastos c.- megacariocitos
- 20.8.- A característica esencial das plaquetas é que  
a.- carecen de núcleo      b.- son fragmentos celulares  
c.- as dúas respostas son correctas
- 20.9.- A substancia vasoconstrictora que liberan as plaquetas para reducir a hemorragia é  
a.- histamina      b.- heparina      c.- serotoninina
- 20.10.- A activación do fibrinóxeno e a súa conversión en fibrina é producida por un enzima chamado  
a.- trombina      b.- protrombina      c.- tromboplastina
- 20.11.- A formación de coágulos (trombos) no sangue pode ser debida a doenças como  
a.- gripe      b.- arteriosclerose      c.- hepatite
- 20.12.- A formación das células sanguíneas recibe o nome de  
a.- hematopoiese      b.- diapedese      c.- homeostase

21.- Indique onde ocorren os seguintes procesos:

- 21.1.- A eritropoiese:.....  
.....  
.....
- 21.2.- A formación de plaquetas:.....
- 21.3.- A maduración de linfocitos B:.....
- 21.4.- A formación de linfocitos:.....
- 21.5.- A formación de monocitos:.....

23.- Cite as 4 funcións principais do Bazo nun individuo adulto da especie humana:

.....  
.....  
.....  
.....

24.- Relacione as doenças coa súa definición:

| Doenza      | Definición                         |
|-------------|------------------------------------|
| Leucemia    | Disminución do número de plaquetas |
| Policitemia | Redución do número de leucocitos   |

**ANATOMÍA APLICADA 1º BACHARELATO**

**Nome:**

|                         |   |
|-------------------------|---|
| Hemofilia               | Producción anómala e masiva de leucocitos                               |
| Mononucleose infecciosa | Disminución do número de eritrocitos, da hemoglobina ou de ámbolos dous |
| Anemia                  | Aumento anómalo do número de eritrocitos                                |
| Trombocitopenia         | Producida polo virus Epstein-Barr e coñecida como enfermidade do bico   |
| Leucopenia              | Enfermidade hereditaria ligada ao sexo                                  |

25.- O sistema ABO está formado por glucoproteínas asociadas á membrana plasmática dos eritrocitos (antíxenos) e anticorpo solubles no plasma sanguíneo.

25.1.- Que anticorpos posúen no seu plasma os individuos de grupo O?.....

25.2.- Se un individuo posúe no seu plasma anticorpos anti-A, de que grupo sanguíneo é?.....

25.3.- Se a un individuo O lle transfundimos sangue de grupo AB, que ocorrirá?.....

.....  
25.4.- Cantos xenes están implicados na determinación dos antíxenos do sistema ABO?.....

.....  
25.6.- Que relación existe entre os alelos  $I^A$ ,  $I^B$  e i do sistema ABO?.....

.....  
25.5.- Que grupo ABO se coñece coma doante universal?.....

26.- Indique en cales dos seguintes casos existe risco de eritroblastose fetal no caso de 2º embarazo:

26.1.- O primeiro fillo foi  $Rh^-$  e o segundo  $Rh^+$

26.2.- O primeiro fillo foi  $Rh^+$  e o segundo  $Rh^-$

26.3.- O primeiro fillo foi  $Rh^-$  e o segundo  $Rh^+$

26.4.- O primeiro e segundo fillo foron  $Rh^+$

27.- Conteste brevemente ás seguintes cuestiós:

27.1.- Que significa Rh?.....

27.2.- Cantos grupos sanguíneos existen nos ser humano?.....

27.3.- Cal é a causa de que un individuo  $Rh^+$  non poida doar sangue para un individuo  $Rh^-$ ?.....

.....  
27.4.- Cal dos seguintes individuos é o doante universal?  $AB^+$ ,  $AB^-$ ,  $O^+$ ,  $O^-$

27.5.- Cal dos grupos anteriores é o receptor universal?.....

28.- Diga se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes frases:

.....  
28.1.- A linfa circula por un sistema de vasos denominado sistema linfático.

.....  
28.2.- A linfa ten un 95 % de auga e un 5% de proteínas, graxas, ...

.....  
28.3.- As graxas son transportadas a través da linfa debido a que son insolubles en auga.

.....  
28.4.- O sistema linfático conéctase ao sanguíneo a través da vea subclavia.

- 28.5.- Cada día filtranse 24 L de plasma que pasan a formar parte do líquido intersticial.
- 28.6.- Moitos vasos linfáticos son cegos e todos posúen válvulas para evitar o retroceso da linfa.
- 28.7.- A circulación linfático carece de bomba impulsora, polo que depende da contracción da musculatura xeral do corpo.
- 28.8.- Nos nódulos linfáticos abundan os linfocitos.
- 28.10.- A linfa carece de O<sub>2</sub> disolto.

29.- Complete a seguinte táboa relativa aos tipos de tecidos musculares:


| Característica                    | Músculo liso | Músculo estriado | Músculo cardíaco |
|-----------------------------------|--------------|------------------|------------------|
| Número núcleos por fibra muscular |              |                  |                  |
| Presenza de estrías no citosol    |              |                  |                  |
| Contracción                       |              |                  |                  |
| Órganos nos que aparece (cite 2)  |              |                  |                  |

30.- Observe o seguinte esquema e resola as cuestións que se plantean:



- 30.1.- Que tipo de tecido muscular aparece representado?.....
- 30.2.- Como é a contracción do tecido representado?.....
- 30.3.- Cite polo menos 3 órganos nos que apareza este tipo de tecido muscular:  
.....  
.....  
.....

31.- Observe o seguinte esquema e indique os nomes das estruturas representadas.




Nome do tecido representado:.....  
Cales son as proteínas contráctiles?.....

32.- Observe o seguinte esquema e resola as seguintes cuestións:

- 32.1.- Que representa?.....
- 32.2.- En que tecido muscular aparece?.....
- 32.3.- As liñas grosas representan a proteína chamada

..... e as máis finas, a proteína chamada.....


32.4.- Sinale no esquema os nomes das bandas e liñas que forman a estrutura:



32.5.- Que sucede coa estrutura representada cando a fibra muscular se contrae?.....

.....

33.- Dada a seguinte microfotografía:



33.1.- Que representa?.....

33.2.- Cite dúas características propias das células que forman este tecido:

.....


.....

33.3.- Como se chama a membrana plasmática destas fibras musculares?.....

33.4.- Como se chama o citoplasma destas fibras musculares?.....

33.5.- Que catión inflúe directamente na contracción destas fibras?.....

34.- Observe o seguinte esquema:



34.1.- Que tecido aparece representado?.....

34.2.- Como se denomina o músculo do corazón?.....


34.3.- Sinale no esquema os discos intercalares.

34.4.- Que tecido forma os discos intercalares?.....

.....

34.5.- Por que dicimos que este tecido é un sincitio?...  
.....  
.....  
.....


35.- Identifique as células que aparecen no seguinte esquema e indique que tecido constitúen:  
Tecido:.....



36.- Indique a función que realizan as células da glía que se indican:

| Célula             | Función |
|--------------------|---------|
| Microglia          |         |
| Célula Schwann     |         |
| Oligodendrocito    |         |
| Astrocito          |         |
| Célula ependimaria |         |

37.- Identifique a célula representada e sinale os nomes dos seus componentes:



Nome da célula:.....

37.2.- Que función teñen as células de Schwan?.....

37.2.- Que son os nódulos de Ranvier?.....

37.3.- Que son os corpúsculos de Nissl? En que parte da célula se atopan?.....

37.4.- Cal é a dirección do impulso nervioso nesta célula?.....

37.5.- Que substancia branca forma parte das membranas das células de Schwann?.....

38.- Cales das seguintes frases son verdadeiras (V) e cales falsas (F) referidas ao tecido nervioso:

\_\_\_38.1.- As neuronas son células especializadas que perderon a capacidade de división celular.


\_\_\_38.2.- O SNC carece de vasos e ganglios linfáticos.

\_\_\_38.3.- O conxunto de corpos neuronais ou somas forma a substancia branca do cerebro.

\_\_\_38.4.- O espazo entre o axón dunha neurona e a dendrita da seguinte chámase espazo sináptico.

\_\_\_38.5.- As fibras mielínicas conducen o impulso nervioso máis lentamente que as amielínicas.

\_\_\_38.6.- Na imaxe seguinte observamos unha neurona multipolar:



\_\_\_38.7.- As neuronas que conducen os impulsos nerviosos ata o SNC son as eferentes.

\_\_\_38.8.- As neuronas motoras conducen a resposta dende o SNC ata os órganos efectores.

\_\_\_38.9.- A resposta pode consistir nun movemento ou nunha secreción.

\_\_\_38.10.- As neuronas de asociación conectan os receptores nerviosos cos órganos do SNC